



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org>      correo electrónico: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

Sr. Conselleiro  
 Consellería de Medio Rural  
 Xunta de Galicia  
 Santiago de Compostela

Serafín González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural, e con domicilio a efectos de notificacións no apartado 330, 15780 Santiago de Compostela,

En relación co borrador do Decreto polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e identificación dos animais equinos, a xestión e administración dos animais mostrencos, as medidas básicas para a ordeación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos con servizo a terceiras persoas e se crea o rexistro galego de explotacións equinas.

### CONSIDERANDO:

1. Que, tal como recoñece o propio borrador de Decreto, a situación do cabalo galego de monte non ten parangón noutros puntos do estado, pola súa dimensión e dispersión, con implicacións sociais, culturais, históricas, turísticas e patrimoniais. O cabalo de monte ou ponei galego posiblemente constitúe a maior poboación salvaxe de cabalos do mundo, xa que outras poboacións como os cabalos norteamericanos son realmente cimarróns descendentes de cabalos domesticados. Xeneticamente son unha poboación definida, aínda que non coincida cos patróns ditados na regulación oficial do "ponei galego".
2. Que o borrador do Decreto fala de animais equinos, explotacións extensivas, etc, pero NON ABORDA A SITUACIÓN ESPECIAL QUE TEN O CABALO/PONEI GALEGO DE MONTE, e o dilue noutras situacións, como as paradas de sementais, produción de carne, gando mostrenco, etc, temas sobre os que a S.G.H.N., cando se refiren a explotacións comerciais *sensu stricto*, non ten obxeccións á súa regulación. Así no Capítulo VI, no que atinxe á nula consideración que se lle da ós "cabalos de monte" ou cabalos salvaxes, que na súa maioría pertencen en Galicia á raza ponei galego, non se lles recoñece coma tal, nomeándoos xenericamente co nome de "cabalos mostrencos".
3. Que o Decreto pretende pór tal número de trabas administrativas á presenza do cabalo no monte que, nos casos dos exemplares suxeitos a unha propiedade, que non

son todos como se pretende facer crer, estes propietarios/usufructuarios abandoarán estes cabalos, provocando unha erosión da cadea trófica, tanto na parte dos superdepredadores (lobo) como na recirculación de nutrientes (escarabeidos coprófagos degradadores especialistas ou facultativos dos excrementos do *Equus*).

4. Que a corresponsabilidade dos propietarios dos pastos, as esixencias de xestión do artigo 5º, a proxección das competencias desta Consellería sobre animais salvaxes ós Concellos e todas as obrigas que van carrexar os espazos de acollida (incluído o complexo procedemento para a declaración de espazo de acollida e a esixencia de pechamento perimetral en moitos casos) van facer inviable esta figura, polo que a maior parte dos cabalos de monte quedarán nunha situación alegal, co previsible abandono dos seus propietarios, o que conlevará a desaparición desta tradición ancestral en Galicia e irreparables danos ecolóxicos, porque esta é a outra gran carencia deste decreto: a total falta de consideración do importante papel ecolóxico que xogan os cabalos de monte nos montes galegos. Resulta irresponsable legislar sobre os cabalos de monte en Galicia sen ter en conta que son importantes protagonistas no equilibrio ecolóxico do monte galego, con interaccións demostradas con outras especies vexetais e animais. Polo tanto forman parte do patrimonio natural galego e deben aplicárselle as normas que favorezan e melloren a súa conservación en vez de sometelos ás exhaustivas normas das explotacións gandeiras.
5. Que o Decreto impón para estes cabalos a alternativa dos "espazos de acollida", pero considera éstos como explotacións extensivas de équidos en liberdade, aplicándolles toda a normativa vixente, propia de explotacións gandeiras (identificación, sanidade animal, etc). Esta consideración supón un grave erro porque os cabalos de monte non se poden equiparar ó gando dunha explotación gandeira, e a realidade fará que ou non se aplique a normativa ou que os propietarios de cabalos de monte renuncien ós seus animais ante as esixencias que lles imporía este decreto.
6. Que o borrador do Decreto iñora:
  - a) O cruce e contaminación xenética do cabalo galego. Non só nos referimos a aqueles exemplares recollidos como patróns da denominada raza protexida Cabalo/Ponei galego de monte. O auténtico reservorio e variabilidade xenética da citada raza mantense no monte e convén lembrar que os patróns que definen á citada raza realizáronse, cuns parámetros arbitrarios, nun despacho co obxectivo de acceder ós fondos da Unión Europea e similares destinados á conservación das razas autóctonas.



## Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> correo electrónico: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

b) As consecuencias ecolóxicas dun comedor de toxo como o cabalo, que segundo a tempada, pode incluír estas especies (*Ulex* spp) nun 35-40% da súa dieta (un adulto come 8 kg de forraxe seco e 16-18 kg de verde), no que nun animal adulto representan unhas dúas toneladas e media de toxo ó ano, é dicir un controlador-renovador gratuito de vexetación. Segundo os expertos consultados por esta entidade, non hai constancia de que coman árbores nin plantóns, aínda que si algo de salgueiros (*Salix* spp). Nesta acción de fitófago, favorece ó coello (*Oryctolagus cuniculus*) ó abrir espazos, que combinando zonas de herba e toxo como refuxio, incluso mellora ó hábitat da lebre (*Lepus castroviejoii*, *Lepus granatensis*), así como dalgúns especies de réptiles (*Timon lepidus*, *Psammotromus algirus*, *Chalcides bedriagai*).

c) A importancia do cabalo como principal alimento do lobo (*Canis lupus*) en Galicia, sobre todo na zona centro e oeste de Galicia. A redución, desaparición ou estabulación do cabalo de monte ou ponei suporía unha gravísima ameaza para a conservación do lobo pois o cabalo supón un 85-90% da dieta do lobo na meirande parte de Galicia, é dicir, é o sustento trófico desta especie.

d) Como elementos fitófagos, a produción de excrementos e a súa recirculación cara ó solo, teñen unha importancia non desdeñable. Importancia que queda anulada en sistemas onde se xestione os excrementos coma esterco ou residuos. Así, a breve exemplo, temos en Galicia varias especies de coleópteros, especialistas ou facultativos, de alimentación coprófaga, destacando *Ceratophyus martinezi*, endémico da Península Ibérica, con só dúas poboacións coñecidas, unha en Madrid-Segovia-Ávila e outra na costa galega (A Coruña-Pontevedra), sendo case monofágica de excrementos de équidos. Outras especies nas que a dieta é basicamente o excremento de cabalo, son *Silphotrupes punctatissimus* (endemismo galaico) e facultativos deste excremento, diversas especies de *Onthophagus*, *Aphodius*, *Geotrupes* e *Silphotrupes* (Scarabaeidae, Aphodiidae, Geotrupidae). Non debemos esquecer que Galicia, a día de hoxe, conta cunha grande cabana de gando vacún en réxime extensivo e ceibe, sendo complementada polo cabalo, cunha cifra que puidera rondar as 20.000 cabezas, reflexionemos que isto significa que equivalen a un consumo de biomasa dunhas 50.000 tm.

e) Que o cabalo galego/ponei/besta está inmerso na cultura rural e tradicional de Galicia, recoñecendo a mesma administración o valor cultural e antrópico dos Curros, que sen cabalos, están destinados á extinción.

### EXPÓN:

1) Que S.G.H.N. entende que o Decreto vai destinado a eliminar o cabalo de monte como especie silvestre pois exclúe a posibilidade de cabalos en enteira liberdade e aqueles sometidos a un aproveitamento tradicional, de escaso aporte económico ós seus propietarios, cando estes existen.

2) Que unha análise da base legal do Decreto, que no artigo 4.2. refírese a explotacións extensivas de équidos, tanto en liberdade coma en réxime pechado partindo do Real Decreto 479/2004 e o Real Decreto 804/2011, lévanos a analizar a lexislación de referencia:

a) Real Decreto 479/2004

i) **Artigo 2:** *“Definiciones. A los efectos de este real decreto, serán de aplicación las siguientes definiciones: a) Explotación: cualquier instalación, construcción o, en el caso de la cría al aire libre, cualquier lugar en los que se tengan, críen o manejen o se expongan al público animales de producción, tal y como se definen en el artículo 3.2 de la Ley 8/2003, de 24 de abril, con o sin fines lucrativos. A estos efectos, se entenderán incluidos los núcleos zoológicos, los mataderos y otros lugares en que se realice el sacrificio de animales, los centros en que se lleven a cabo espectáculos taurinos, las instalaciones de los operadores comerciales y los centros de concentración.”*

b) Ley 8/2003

i) **Artigos 3.2:** *“Animales de producción: los animales de producción, reproducción, cebo o sacrificio, incluidos los animales de peletería o de actividades cinegéticas, mantenidos, cebados o criados para la producción de alimentos o productos de origen animal para cualquier uso industrial u otro fin comercial o lucrativo.”*

ii) **Artigo 3.5:** *“Fauna silvestre: el conjunto de especies, subespecies, población e individuos animales que viven y se reproducen de forma natural en estado silvestre en el territorio nacional, incluidos los que se encuentran en invernada o están de paso, con independencia de su carácter autóctono o alóctono, y de la posibilidad de su aprovechamiento cinegético. No se entenderán incluidos los animales de dichas especies que tengan el carácter de domésticos, criados con fines productivos o de aprovechamiento de los mismos o de sus producciones o cultivos, y los de experimentación o investigación científica con la debida autorización.”*

c) Partindo destas definicións, a meirande parte do cabalo galego silvestre debería estar incluído no artigo 5º da Lei estatal 8/2003, xa que é unha especie da que se fai un aproveitamento ancestral e que non se debe considerar como un animal de reprodución ou doméstico. Débese ter en conta que non existe unha axuda humana na custodia, reprodución, alimentación ou resguardo, polo que a tódolos efectos é unha especie silvestre da que se fai un aproveitamento.

d) O establecemento da obriga de identificar tódolos cabalos de monte con



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> correo electrónico: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

microchips é unha iniciativa exclusiva da Xunta de Galicia, xa que:

- i) A Unión Europea non obriga a poñelos a cabalos salvaxes ou semisalvaxes (reglamento C.E. nº 504/2008 da comisión. Artículo 7, páxina L 149/10).
  - ii) A Administración autonómica da Xunta de Galicia (D.O.G. 241 de 12-12-2008) anticipouse á central (*Real Decreto 1515/2009*, BOE nº 256 de 23-10-2009) facéndoo obrigatorio en toda Galicia para todos os équidos, domésticos ou bravos, (Artigo 9).
  - iii) A administración central (*Real Decreto 1515/2009*) mantén os mesmos criterios que a Unión Europea: a autoridade competente poderá excluír deste sistema de identificación (microchips) aos cabalos salvaxes ou semisalvaxes onde o considere oportuno (artigo 11).
  - iv) En pregunta Parlamentaria no Parlamento Europeo (E-004915/2011 do 22 de xullo) respondeuse que o reglamento (CE) 504/2008 establece unha excepción especial para cabalos que vivan condicións salvaxes ou semisalvaxes, só é necesario identificalos se son trasladados.
- 3) Que a pesares das excepcións indicadas no artigo 5.5 do Decreto, o resto de esixencias do artigo 5.2 sobrepasan a realidade e a racionalidade do que se aplica a unha especie silvestre.
- 4) Que en relación co artigo 5.5, estanse a levar modificacións legais para permitir de novo os muladares, polo que, respectando a lóxica sanitaria e dependendo da causa da morte, débese autorizar que se deixen as bestas mortas no monte ou incluso o traslado das mesmas a áreas onde existan poboacións de lobos, o que reduciría o número de ataques, xa que unha besta morta nun ataque de lobo, se é retirada antes de seren comida, inducirá que se ataque outra besta.
- 5) Que o capítulo III (artigo 10 e seguintes) só semella ter como finalidade pór atrancos ás posibles facilidades que os titulares destes pastos puideran otorgar ós propietarios de bestas ou as bestas sen dono.
- a) Artigo 12.1.b ¿Como poden coñecer a quen pertence unha besta, se esta non está marcada ou non pertence a unha gandería extensiva recoñecida?
  - b) Artigo 12.1.c.d.f, etc. implican unha xestión administrativa con necesidades de recursos e gastos que deberán ser aplicados ós propietarios das ganderías extensivas, provocando que moitas comunidades de montes, senón todas, eviten dar autorizacións de usos de pasto.
  - c) O artigo 12.3 fai responsable ós xestores dos pastos dos incumprimentos das obrigas dos propietarios dos animais, sexan cales sexan e sexa coñecedor ou non do incumprimento.

- 6) Que o artigo 20 (espazos de acollida) considera a estes espazos como explotacións extensivas, esquecendo a posibilidade de espazos que contén con bestas en liberdade das que non se fagan aproveitamento algún.
- 7) Que o artigo 23 transfere as competencias da Consellería de Medio Rural ós concellos, xogando coa consideración de animais mostrencos a aqueles que vaian sen dono coñecido, obviando a existencia de bestas/cabalos silvestres e que logo xa non serían competencia dos concellos. Débese igualmente suliñar que a realidade actual dos concellos é moi diferente á que existía cando se regulou o gando mostrenco, nos primeiros anos do século XX, carecendo moitos dos concellos galegos da capacidade para asumir esta situación.
- 8) Que unha vez analizado o borrador do Decreto exposto por esta administración, só podemos concluír que o único e derradeiro obxectivo deste decreto do Goberno Galego é destruír o cabalo salvaxe ou de monte de Galicia mediante unha lexislación imposible de cumprir. Quédanos a dúbida se é só polo cabalo, para se quitar un problema de enriba (queixas de veciños nas zonas rurais), ou polo lobo, xa que ambas especies están intimamente relacionadas e levan un destino común, pero non só estas especies, senón outras en complexas relacións ecolóxicas que este borrador ignora. Se aqueles que teñen a obriga e responsabilidade legal de velar pola conservación da natureza actúan así, ¿que podemos esperar do resto da sociedade?.

## **SOLICITA:**

- 1) Que partindo das definicións do artigo 5º da Lei estatal 8/2003, a meirande parte do cabalo galego de monte se considere como unha especie silvestre da que se fai un aproveitamento ancestral e que non se debe considerar como un animal de reprodución ou doméstico, pois non existe unha axuda humana na custodia, reprodución, alimentación ou resguardo, polo que a tódolos efectos é unha especie silvestre da que se fai un usufructo.
- 2) Que se faga unha diferenza ben clara entre o cabalo que pasta ceibe no monte, o estabulado e incluso aquel que se puidera ter en réxime de gandería extensiva pechada, para o cal, moitas das regulacións deste borrador de Decreto poden ser válidas, incluídas as regulacións para o transporte, calquera que sexa a situación previa do cabalo (silvestre, estabulado ou gandería extensiva).
- 3) Que se regule a posible solta de espécimes xenéticamente alleos ó acervo do cabalo galego, ó obxecto de previr derivas e contaminacións xenéticas.
- 4) Que en relación co artigo 5.5 e respectando a lóxica sanitaria e dependendo da causa



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> correo electrónico: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

da morte, débese autorizar que se deixen, sen enterrar, as bestas mortas no monte ou incluso o traslado das mesmas a áreas onde existan poboacións de lobos, xa que isto reduciría o número de ataques, xa que unha besta morta nun ataque de lobo, se é retirada antes de seren comida, inducirá que se ataque outra besta. No caso de depredación o tempo de eliminación da carne soe ser 2-3 días. Sería necesario regular qué animais non poder ser abandonados, por ser portadores de enfermidades contaxiosas, a distancia a correntes de auga ou zonas habitadas, por citar os exemplos máis lóxicos.

5) Que como se espuxo no escrito da S.G.H.N. de data 21 de maio de 2010, é necesario regular algunha limitación física para evitar que as bestas do monte accedan ás vías de comunicación ou fincas cultivadas, que é o principal e case único problema que pode provocar este animal.

6) Que solventado o problema de accesos e posibles desfeitas, moito menores e máis puntuais do que se pretende argumentar, a identificación das bestas salvaxes só se faga para os traslados da súa ubicación habitual, ou se permita o uso duns transponedor-chip, coas garantías de control e rexistro necesarias, pero a un precio de mercado, non o que se pretende por parte da Consellería de Medio Rural.

7) Que aquel gando sen portar identificación (transponedor-microchip ou marcas tradicionais) non se considere gando mostrenco, xa que non está abandonado, senón que se trata dun animal silvestre e reciba tal consideración, sendo trasladado a montes axeitados, podendo ser marcado, dada a idiosincrasia sen parangón en Europa deste cabalo, como pertencente á administración. O obxecto disto sería limitar o roubo e facilitar certo control dos exemplares máis móbiles das poboacións silvestres.

8) Que se refaga completamente o Decreto, tendo en conta as solicitudes e consideracións expostas neste escrito.

En Santiago de Compostela, a 12 de novembro de 2011

Serafin González Prieto

Presidente SGHN